

Luns, 23 de xaneiro de 2023

Núm. 15

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### **Subvencións e axudas**

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2023*

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 13 DE XANEIRO DE 2023 POLO QUE SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2023*

*BDNS(Identif.):671581*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/671581>)

#### **1. Beneficiarios:**

Poderán solicitar estas subvencións as persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Non ter a condición de Administración Pública.
- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio social na provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra desta cando a actividade para a que se solicita a subvención teña interese para a provincia.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA).
- Non ter débedas coa Deputación de Pontevedra.
- Estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Non ter pendente de xustificación subvencións anteriores pagadas anticipadamente pola Deputación de Pontevedra.



Luns, 23 de xaneiro de 2023

Núm. 15

## 2. Obxecto:

A regulación da concesión de subvencións públicas destinadas a promover actividades de carácter turístico durante o ano 2023 coa finalidade de colaborar no fomento do turismo da provincia de Pontevedra, segundo os principios de concorrencia competitiva, obxectividade e publicidade.

## 3. Bases reguladoras

Bases reguladoras das subvencións, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 13 de xaneiro de 2023, Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 de 30 de decembro de 2016, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

## 4. Contía

100.000,00 €

## 5. Prazo de presentación

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra (BOPPO).

## 6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra e coa documentación establecida na base sétima.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva.
- Criterios de valoración: os establecidos na base 11ª da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención, excepto os establecidos na base segunda da convocatoria.
- Compatibilidade: si
- Forma de pago: transferencia.
- Forma de xustificación: mediante a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención (memoria explicativa, acreditación da difusión da subvención); xustificación dos gastos (conta xustificativa dos gastos en modelo normalizado, presentación de facturas, declaración responsable de aplicación dos gastos xustificadas a á finalidade subvencionada); xustificación dos ingresos



Luns, 23 de xaneiro de 2023

Núm. 15

(detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custe da finalidade subvencionada).

Prazo máximo de xustificación: 31 de marzo de 2024.

Pontevedra, 20/01/2023

María del Carmen Silva Rego

